



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2010 11:01
Nº Rexistro: 24658
Data envío: 22/02/2010 11:01:09.528

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Ana Luisa Bouza Santiago, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta na seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa as actuacións que se van levar adiante no Hospital Comarcal da Barbanza.

A mellora da calidade e atención dos sistema sanitario público constitúe unha prioridade para o BNG. Só os servizos públicos garanten un acceso igualitario ao mesmo e poden verificar o dereito á saúde.

Desde a chegada do PP á Xunta de Galiza observamos con preocupación os intentos privatizadores do goberno, así como, a falta de actuacións dilixentes encamiñadas a mellorar a resposta do noso sistema sanitario público. Concretamente, no hospital comarcal da Barbanza observamos unha despreocupación por mellorar os servizos que oferta á poboación, así como parálise en actuacións que estaban postas en marcha. Podemos sinalar, a paralización da construción da unidade de día e de saúde mental, a falta de capacidade para poñer en funcionamento o heliporto deste hospital ou unha evolución das listas de espera que nos preocupa, en canto constitúe un dos principais problemas que lastra o funcionamento do sistema sanitario público na Galiza. Esta situación ten a ver coas deficiencias coas que nace este hospital. Deficiencias que a pesar da integración do mesmo no sistema sanitario público (coa eliminación das fundacións) aínda se deixan sentir. Así este hospital (xunto co da Costa da Morte) son os únicos que non contan con celadores, cunha sobrecarga do persoal do mesmo que incide no seu funcionamento.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Desde o BNG consideramos que o Goberno galego debe atender as deficiencias deste centro e apostar de maneira clara por mellorar o seu funcionamento.

Polo dito formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:


- 1.^a) Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a situación do Hospital Comarcal da Barbanza?
- 2.^a) Que razóns explican que non se teña posto en funcionamento o heliporto deste hospital?
- 3.^a) Que razóns explican a parálise da construción da unidade de día e de saúde mental?
- 4.^a) Que valoración fai o goberno sobre a evolución das listas de espera neste hospital?
- 5.^a) Que medidas se van adoptar ao longo do ano 2010 para mellorar o funcionamento e calidade asistencial do mesmo?
- 6.^a) Vai a Xunta de Galiza incrementar o persoal deste hospital? Vai a Xunta de Galiza equipar o persoal deste centro ao resto do sistema sanitario creando a figura de celador?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputadas do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2010 11:01
Nº Rexistro: 24658
Data envío: 22/02/2010 11:01:09.528

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 22/02/2010 10:59:18

Ana Luísa Bouza Santiago na data 22/02/2010 10:59:21